

ANUNCIO

Publicación dos acordos adoptados polo tribunal do proceso selectivo en quenda de promoción interna de 2 prazas de conserxe da OEP 2021 do día 5 de abril de 2023: resultados provisionais do segundo exercicio da fase de oposición (proba práctica) e prazo de alegacións.

Faise público que o tribunal de selección nomeado mediante resolución da Alcaldía núm. 93/2023, para xulgar o proceso selectivo para a cobertura, en quenda de promoción interna horizontal e mediante persoal funcionario de carreira, de dúas prazas de conserxe, que figuran como vacantes no cadro de persoal funcionario do Concello de Fene, incluídas na OEP do ano 2021, na súa sesión do día 5 de abril de 2023, elaborou o segundo exercicio da fase de oposición, estableceu os criterios de corrección e adoptou os seguintes acordos, que se transcriben tal como figuran na acta da sesión:

«[...] «O segundo exercicio consistirá en desenvolver unha proba de tipo práctico, relacionada co contido funcional e tarefas propios da vacante convocada e que se corresponderá, á súa vez, coas materias comprendidas no temario que figura no Anexo II das presentes bases.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos e deberase obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo, correspondéndolle ao tribunal determinar cal é o nivel de coñecementos necesario para alcanzar a dita nota mínima.

A duración máxima da proba segundo as bases reguladoras está prevista en 60 minutos. O tribunal atendendo as características das probas propostas acorda establecer a **duración total do exercicio en 40 minutos**, repartíndose entre as probas propostas segundo se indica.

O segundo exercicio consistirá no desenvolvemento das seguintes probas prácticas, que poderá desenvolver na orde que desexe:

Proba 1. Relacionada co tema 4: *Características e utilización de máquinas e materiais de oficina habituais. O papel e os seus formatos.*

Tempo máximo de realización: 10 minutos

Valórase cun total de 4 puntos, divididos en :

1º. Encadernación con espiral do lote de papel subministrado, utilizando a máquina de perforar: 2 puntos.

2º. Plastificar a folla de instrucións do exercicio, utilizando a máquina de plastificar: 2 puntos.

Proba 2. Relacionada co tema 9: *Operacións de mantemento e conservación das instalacións públicas: fontanería, albanelería, carpintería, electricidade e cerraxería. Actuacións e nocións básicas. Ferramentas/útiles e materiais básicos ou de utilización habitual.*

Valórase cun total de 6 puntos, divididos en:

1º. Montaxe dunha instalación de fontanería, segundo o esquema indicado e coas pezas desmontadas subministradas: 3 puntos. Tempo total 15 minutos.

2º. Cambiar unha lámpada fluorescente por unha lámpada led: 3 puntos. Tempo total 15 minutos.»

O tribunal acorda establecer os seguintes criterios de corrección:

Proba 1. 1º. Encadernación con espiral do lote de papel subministrado e con portada e contraportada, utilizando a máquina de perforar: 2 puntos.

Para obter a máxima puntuación o encadernado deberá estar cadrado, con portada e contraportada e a espiral debidamente rematada.

Proba 1. 2º. Plastificar a folia de instrucións do exercicio, utilizando a máquina de plastificar: 2 puntos.

Para obter a máxima puntuación deberá empregar a temperatura correcta, de forma que o folio quede ben pegado, escuadrado e cun borde homoxéneo.

Proba 2. 1º. Montaxe dunha instalación de fontanería, segundo o esquema indicado e coas pezas desmontadas subministradas: 3 puntos. Tempo total 15 minutos.

- Se a instalación non ten fugas unha vez finalizada e comprobada: 2 puntos.

- A correcta colocación do teflón: 0,5 puntos

- A correcta montaxe dos compoñentes segundo o esquema entregado: 0,5 puntos

Proba 2. 2º. Cambiar unha lámpada fluorescente por unha lámpada led: 3 puntos. Tempo total 15 minutos.

O tubo LED debe estar alimentado pola parte indicada directamente á corrente sen necesidade de reactancia e condensador. Si so substitúe a lámpada e o cebador esta alumeará, pero non se considerará correcta a súa substitución. O detalle da puntuación é o seguinte:

- Desmontar o tubo e o cebador: 0,5 puntos

- Anular e retirar o condensador e a reactancia: 1,5 puntos

- Colocar o fusible (substituto do cebador) e o tubo led: 0,5 puntos

- Colocar a pegatina: 0,5 puntos

[...] Unha vez finalizado o exame, á vista dos resultados obtidos polo aspirante, o tribunal adopta os seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Aprobar o resultado provisional do segundo exercicio, que foi superado polo aspirante con DNI número ***0696**, co seguinte detalle:

PROBA 1.1ª: ENCADERNACIÓN (máximo 2 puntos)		PROBA 1.2ª: PLASTIFICADO (máximo 2 puntos)		PROBA 2.1ª: FONTANERÍA (máximo 3 puntos)		PROBA 2.2ª: ELECTRICIDADE (máximo 3 puntos)	
Puntos	Observacións	Puntos	Observacións	Puntos	Observacións	Puntos	Observacións
1,5	Descóntanse 0,5 puntos pola incorrecta colocación das follas subministradas na perforadora o que provocou que unha delas resultase indebidamente perforada e retirada polo	1,5	Descóntanse 0,5 puntos porque non esperou que a máquina alcanzase a temperatura correcta antes de utilizala, e porque o plastificado non quedou escuadrado e co borde	0	- Instalación sen fugas: 2 O tribunal comproba que a instalación ten fugas. O tubo non está correctamente introducido nas pezas de latón.	0,5	- Desmontar o tubo e o cebador: 0,5 puntos

PROBA 1.1ª: ENCADERNACIÓN (máximo 2 puntos)		PROBA 1.2ª: PLASTIFICADO (máximo 2 puntos)		PROBA 2.1ª: FONTANERÍA (máximo 3 puntos)		PROBA 2.2ª: ELECTRICIDADE (máximo 3 puntos)	
Puntos	Observacións	Puntos	Observacións	Puntos	Observacións	Puntos	Observacións
1,5	aspirante. Non se penaliza o remate da espiral por non dispor da ferramenta axeitada.	1,5	totalmente homoxéneo.				
				0	- Correcta colocación do teflón: 0,5 Hai teflón colocado en pezas que non deben levalo e está enroscado en sentido antihorario, o que non é correcto.	0,75	- Anular e retirar o condensador e a reactancia: 1,5 puntos. Descóntase 0,75 puntos porque están anulados pero non se retiraron os compoñentes.
				0,5	- Correcta montaxe dos compoñentes segundo o esquema: 0,5	0,25	- Colocar o fusible (substituto do cebador) e o tubo led: 0,50 pto. Descóntanse 0,25 puntos porque o tubo led está xirado 180º respecto da súa posición correcta, o que provoca que a intensidade luminosa sexa de 1.800 lm, sendo que na posición correcta alcanzaría os 3.100 lm.
						0	Colocar o adhesivo: 0,5 puntos. Non sinalizou a substitución do tubo fluorescente polo tubo led co adhesivo de advertencia subministrado polo fabricante.
1,5	Proba 1.1ª. Encadernación	1,5	Proba 1.2ª. Plástico	0,5	Proba 2.1ª. Fontanería	1,5	Proba 2.2ª. Electricidade
Puntuación total: 5 puntos							

SEGUNDO. Declarar que o aspirante está exento da realización do terceiro exercicio da fase de oposición de coñecemento e competencia da lingua galega, ao ter acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido na base cuarta: CELGA 1 ou equivalente.

TERCEIRO. Outorgar un prazo de cinco (5) días hábiles á persoa aspirante, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio, para presentar alegacións ou reclamacións fronte ao respecto dos resultados e cualificacións obtidos, contados a partir do día seguinte á súa publicación no taboleiro de anuncios e páxina web municipais.

CUARTO. Se non se presentan alegacións, darase por finalizado o proceso selectivo e, na súa consecuencia:

1º. Elevarase automaticamente a definitiva a seguinte relación das persoas que superaron o proceso selectivo por orde de puntuación final:

Nº REXISTRO DNI NÚM.	APELLIDOS E NOME	FASE CONCURSO	FASE OPOSICIÓN			PUNTUACIÓN TOTAL
			EXERCICIO 1º	EXERCICIO 2º	EXERCICIO 3º	
202299900002536 ***0696**	PRIETO SEIJAS, PEDRO ANTONIO	8	5	5	EXENTO	18

2º. Simultaneamente, elevaranse á Alcaldía as seguintes propostas:

a) Proposta de nomeamento para unha das vacantes, do primeiro e único aspirante que superou o proceso selectivo, PEDRO ANTONIO PRIETO SEIJAS, con DNI nº ***0696**.

b) Proposta de declarar deserto o proceso selectivo en relación coa segunda das prazas convocadas.

QUINTO. Habilitar á secretaria do tribunal para a publicación dos anuncios relacionados coa elevación a definitiva dos acordos do tribunal.

SEXTO. Ordenar a publicación do contido da proba, dos criterios de corrección e dos anteditos acordos no taboleiro de anuncios e na páxina web municipais.

En Fene, asinado dixitalmente o 11 de abril de 2023 pola secretaria do tribunal, M. Sandra Pouso Fustes.